

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 8 DE MARZO DE 2010

2.- Fondo Estatal para o Emprego e a Sostibilidade Local

Apróbanse os proxectos, pregos e iníciase o expediente de contratación das seguintes obras, polos importes de licitación que seguen:

- Construción de pistas de tenis e pádel en Sar: 339.461,12 euros máis IVE.
- Construción no barrio de Santa marta dun equipamento sociocultural consistente no primeiro centro cívico con sala independizable de usos múltiples: 862.068,97 euros máis IVE.
- Adecuación, rehabilitación e mellora de locais para atención a persoas maiores e centro de uso sociocultural: Local das Avoas Pontepedriña + Centro Sociocultural: 115.810,34 euros máis IVE.
- Proxecto de substitución nos materiais e tecnoloxías na rede de auga e renovación das instalacións de alumeado público co obxecto de reducir o consumo enerxético na rúa Torreira no Romáño: 282.726,22 euros máis IVE.
- Peche do Casco Histórico por sistema de lector de matrículas: 155.172,41 euros máis IVE.

3.- Solicitud de ampliación dos horarios dos establecementos públicos.

Acórdase informar favorablemente e con carácter xeral sobre a devandita solicitude de ampliación de horario de peche nunha hora dende a madrugada do sábado ao domingo e vísperas de festivos, do 31 de marzo ao 7 de novembro de 2010, ambos inclusive.